

Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria. (Procedemento administrativo IN 530B).

A política desenvolvida pola Consellería de Economía e Industria no marco das competencias que lle atribúe o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica, na súa disposición transitoria terceira, está dirixida a apoiar a promoción industrial do tecido produtivo galego, incentivando o desenvolvemento de estratexias que contribúan ao dimensionamento e á capacidade das empresas galegas, tanto no mercado doméstico como no internacional.

Conscientes do actual escenario económico a nivel global e da súa influencia que, sen dúbida ningunha, ten no crecemento económico galego, a Consellería de Economía e Industria está pondo en marcha un conxunto de medidas de apoio e actuacións de impulso, entre as que se atopa esta orde de axudas, dirixidas a paliar os seus efectos e contribuir á xeración de instrumentos de riqueza, no marco dunha política orientada a apoiar a consolidación e mellora da produtividade das empresas galegas, fomentar a achega do sector industrial ao crecemento do país e ao incremento do valor engadido xerado por estas empresas.

Neste sentido, os obxectivos desta orde están dirixidos a incrementar, manter e dinamizar a actividade económica na comunidade autónoma, favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e lograr o incremento do emprego, a través do desenvolvemento e mellora da competitividade das empresas galegas, incidindo para isto na precisa adecuación do equipamento industrial existente nestas, as actuais necesidades de produción e desenvolvemento tecnolóxico. Con estes obxectivos, e nun contorno de crise económica, as medidas previstas nesta orde contribuirán a amortiguar as posibles incidencias na competitividade das empresas galegas.

De acordo co anterior, a Consellería de Economía e Industria a través da súa secretaría xeral, acorda realizar unha convocatoria de axudas ás empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial.

Así mesmo, é preceptivo indicar que as actuacións desta convocatoria se financiarán, baixo o réxime de *minimis* e, polo tanto, a súa tramitación queda condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Con-

sellería de Economía e Industria para apoiar a realización de actuacións que incidan na capacidade competitiva das empresas galegas, e que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009. (Procedemento administrativo IN 530B).

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que se inclúen como anexo III e anexo IV desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. Os formularios de solicitude de axuda deberanse obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática «Axudas virtual» (procedemento IN530B) establecida na «Oficina virtual» desta consellería, sita no enderezo da internet «<http://economiaeindustria.xunta.es>». Tamén se pode acceder desde o enderezo «<http://www.xunta.es/presentacion-electronica>» da Xunta de Galicia, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN530B. Estes modelos validados pola aplicación informática valerán tanto para a presentación en papel como para a presentación electrónica, que se describe no artigo seguinte.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non obstante, soamente se poderá dispor de información e asistencia ata as 14.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os anexos III e IV desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude. A presentación de solicitudes que non acheguen os formularios segundo o aquí indicado será motivo de inadmisión a trámite da solicitude.

3. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Lei 9/2007).

Artigo 3º.-Prazo e lugar de presentación das solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no

DOG ata o 24 de xullo de 2009, ambos os dous inclusive.

2. A presentación de solicitudes farase en formato papel ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño, logo de obtención, cumprimentación e validación dos formularios de acordo co previsto no artigo anterior.

3. Tras validar e imprimir os formularios a través da aplicación informática, as solicitudes poderán presentarse en formato papel preferentemente no Rexistro Único da Xunta de Galicia no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela. Non obstante, poderanse presentar no rexistro de calquera órgano da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante Lei 30/1992). Xunto cos formularios de solicitude poderá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 5 das bases reguladoras sempre que non sexa preciso achegar (en formato papel) orixinal ou copia compulsada. Para isto, no proceso de formalización telemática (antes da validación dos formularios) permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios, que deberán ter preferentemente formato PDF e non superar os 7MB cada arquivo individual.

4. As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, téndose que cumprir cos seguintes requisitos:

4.1. O representante legal da entidade solicitante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CatCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e *Banesto, C.A.*

4.2. Soamente terán validez os certificados dixitais expedidos exclusivamente a nome de persoas físicas, non sendo válidos aqueles certificados electrónicos que ademais estean vinculados a persoas xurídicas.

4.3. Segundo o establecido no artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a documentación, que segundo o artigo 5 das bases reguladoras, teña que achegar o solicitante xunto cos formularios de solicitude, deberase anexar á solicitude median-

te copias dixitalizadas, cuxa fidelidade co orixinal se garantirá mediante o emprego da sinatura electrónica avanzada. Para isto, no proceso de cumprimentación telemática (antes da validación dos formularios) permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios, preferentemente con formato PDF e non superar os 7MB cada arquivo individual. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo ou rexistro o cotexo do contido das copias dixitalizadas achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo, e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

4.4 Unha vez asinados co certificado electrónico do presentador os formularios normalizados e todos os documentos que acompañen a solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento, empregando as características da aplicación telemática, expedirase un recibo no que quedará constancia do feito da presentación e que poderá ser impreso e gardado polo interesado. A obtención do dito recibo (no que entre outros datos aparecerán a data, a hora, os minutos e os segundos da presentación e o número de entrada no Rexistro Telemático) é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros, e serve para acreditar ante terceiros o dito feito.

4.5. De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, o servizo de presentación electrónica ante o Rexistro Telemático respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas ao respecto, estándares abertos e, de ser o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns. Estes principios non impiden que algún estándar particular non estea dispoñible.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a meses.

Dentro deste prazo, e dado o carácter de concorrencia competitiva da convocatoria, poderase realizar mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* os requirimentos de emenda e emenda de erros nas solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN530B, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral, a través dos seguintes canais:

a) Páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), no seu punto de axudas e na «oficina virtual».

b) Os teléfonos 881 99 93 85 e 881 99 91 17 e o fax 881 99 93 84.

c) O enderezo electrónico cei.axudassecretaria@xunta.es

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia que é o 012 para as chamadas efectuadas desde a Comunidade Autónoma de Galicia e o 902 12 00 12 para as procedentes do resto do Estado.

Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.**

O secretario xeral adoptará as medidas precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial (IN530B)****Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.**

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar o desenvolvemento de actuacións de investimentos en equipamento industrial que incida na capacidade competitiva das empresas galegas a través da súa adquisición no ano 2009.

2. O procedemento de concesión desta subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao Regulamento (CE) nº 1998/2006 (DOUE 28-12-2006) da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

Artigo 2º.-Actuacións e gastos subvencionables.

1. Descrición da actuación e gastos subvencionables.

-Actuación subvencionable.

Considérase actuación subvencionable a consistente na dotación de equipamento industrial necesario para o desenvolvemento da actividade económica principal, que poderá ser, tanto para a adquisición de novo equipamento industrial coma para a renovación do existente, sempre e cando, o devandito equipamento sexa de primeiro uso. Só será subvencionable un proxecto de investimento por cada solicitante.

-Gastos subvencionables.

Os investimentos en activos materiais, entendendo por estes os investimentos en equipamento industrial novo que, directamente estean vinculados coa actividade principal da empresa. Por equipamento industrial novo deberá entenderse aquel que se adquira a un terceiro e supoña unha primeira transmisión do activo. Os ditos investimentos só terán carácter elixible cando o seu importe acade como mínimo os 12.000 euros. No suposto de acumulación de adquisición de equipamento industrial, en ningún caso se admitirán os investimentos en elementos individuais que teñan un custo inferior a 2.000 euros.

2. Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables.

Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2009 e ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18 destas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Así mesmo, a comisión de valoración poderá considerar como non subvencionables, ou limitar a súa porcentaxe en relación ao investimento subvencionable total do proxecto, á vista das solicitudes presentadas, aqueles conceptos que se consideren menos críticos para o normal desenvolvemento da actuación obxecto da axuda.

Os provedores de bens ou servizos están suxeitos ás condicións legais sobre a subcontratación de actividades subvencionadas citadas no artigo 17º destas bases reguladoras e, en todo caso, non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, agás que concorran as circunstancias previstas no artigo 27.7º d) da Lei 9/2007. De concorrer a dita circunstancia os investimentos non resultarán subvencionables.

3. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta orde e, polo tanto, non son subvencionables, os seguintes gastos:

a) Os realizados nos centros de traballo situados fóra do territorio galego.

b) Terreos, bens inmobles e obra civil, en xeral.

c) Mobiliario, material e equipos de oficina.

d) Instalacións fixas de climatización (calefacción, refrixeración e ventilación) e de produción de auga quente sanitaria, destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene das persoas, reguladas no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas (RITE) nos edificios.

e) Instalacións telefónicas, fax ou de calquera tipo de telecomunicacións. Equipos para procesos de información e aplicacións informáticas non embebidas no equipamento industrial subvencionable ou que non estean incondicionalmente vinculados co seu funcionamento.

f) Instalacións eléctricas en xeral.

g) Transporte exterior que non sexa de exclusiva aplicación á actividade principal subvencionable e con ausencia de elementos e características especiais para a realización de operacións específicas inherentes ao seu desenvolvemento.

h) Os gastos inmateriais derivados da adquisición do equipamento industrial (formación, viaxes, aloxamentos, seguros, transporte, impostos, etc) agás a man de obra necesaria do provedor elixido para operacións de instalación, montaxe e posta en marcha, cun límite do 10% do importe do equipamento subvencionable.

i) Investimentos destinados ao comercio polo miúdo (aínda que esta comercialización se realice no propio establecemento no que se desenvolva a actividade produtiva subvencionable).

j) Gastos financeiros derivados de posibles pagamentos aprazados do equipamento industrial, agás os gastos de formalización.

k) O imposto sobre valor engadido (IVE).

l) Calquera gasto que aínda que pola súa natureza poida considerarse subvencionable figuren incluídos e sen cuantificar gastos non subvencionables.

m) Aqueles gastos que sexan subvencionables ao abeiro da orde de axudas que convoque a Consellería de Economía e Industria nesta anualidade en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das axudas, que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria que se menciona:

Aplicación: 10.04.741A.770.2.

Denominación: achegas para a mellora da competitividade das empresas galegas.

Ano 2009 (euros): 3.694.600.

Este importe entenderase máximo sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 10 destas bases reguladoras.

2. A intensidade da axuda poderá acadar ata o 45% do investimento subvencionable no caso de microempresas, ata o 40% no caso de pequenas empresas, ata o 35% no caso de medianas empresas e ata o 30% no caso de empresas que superen os límites de PEME pero, en ningún caso, baixo esta convocatoria poderá concederse unha subvención por máis de 50.000 euros por beneficiario.

3. Ao estar a este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (CE) nº 1998/2006 relativo ás axudas *de minimis* (DOUE 28-12-2006), deberase garantir que no caso de recibir o beneficiario outras axudas baixo este réxime *de minimis*, non se superará o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector do transporte por estrada este límite está fixado en 100.000 €. Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

4. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas privadas validamente constituídas no momento de presentación de solicitudes, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, con domicilio social ou algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia, e que acrediten a inscrición da súa actividade principal, nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE (imposto sobre actividades económicas) que se relacionan no anexo II, nos termos nel establecidos. Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión, así como os demais que se prevexan nesta orde e na normativa aplicable.

2. De acordo co disposto no artigo 1º do Regulamento (CE) nº 1998/2006 (DOUE 28-12-2006) da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas

de *minimis*, non terán a condición de beneficiarias as seguintes empresas:

a) Aquelas que operan nos sectores da pesca e a acuicultura segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Aquelas que operan na produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Aquelas que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado nos casos establecidos na epígrafe c) do artigo 1.1º do Regulamento (CE) nº1998/2006, de *minimis*.

d) Aquelas cuxas actividades están relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, é dicir, ás axudas vinculadas directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade exportadora.

e) Aquelas que condicionen á utilización de bens nacionais con preferencia sobre os bens importados.

f) As empresas activas no sector do carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

g) Aquelas que realicen por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada e soliciten a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías.

h) Aquelas que están en crise.

3. Así mesmo non se consideran beneficiarios os/as artesáns titulares de obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, xa que existen outras convocatorias específicas da Consellería de Economía e Industria para atender este colectivo. Esta exclusión non afecta as entidades artesanais que operan no ámbito da alimentación.

4. Non poderán acadar a condición de beneficiario aqueles solicitantes nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, que se presentará ao mesmo tempo que a solicitude, tal como se recolle no anexo IV.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican no artigo 3 desta orde da convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación (un único exemplar):

2.1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos III e IV, obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, e que só terán validez se están asinados polo/s representante/s legal/is da entidade correspondente:

2.1.a. Anexo III (modelo normalizado da solicitude, 5 follas). Inclúe datos identificativos do solici-

tante, espazo para incluír unha breve memoria da actividade principal da empresa, a desagregación do financiamento do proxecto, dos obxectivos que se perseguen co investimento que se realiza, das certificacións de xestión das que dispón, así como para enumerar o principal equipamento industrial que pretende adquirir.

2.1.b. Anexo IV (modelo de declaración responsable, 2 follas), que conteñen as seguintes declaracións:

-Declaración expresa de que os datos que figuran na solicitude e demais documentación son certos e de que o solicitante pertence á categoría de microempresa, pequena empresa, mediana empresa ou empresa que supera os límites de PEME, de acordo coa Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003.

-Declaración expresa de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nesta e non está suxeita a ningunha das exclusións establecidas no artigo 4 das bases reguladoras desta orde.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007.

-Declaración expresa de que respecta a prohibición de subcontratación dos provedores de bens ou servizos nos que recaian algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, e de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou con algún dos seus órganos directivos ou xestores.

-Declaración expresa de que a entidade solicitante está dada de alta nalgúns dos grupos ou epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e da súa actividade principal.

-Declaración expresa do coñecemento de que a solicitude da axuda leva consigo a autorización para que o órgano xestor solicite telematicamente os certificados que emite a Seguridade Social, a Consellería de Facenda, e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

-Declaración expresa do coñecemento da facilidade de que lle da o órgano xestor a non presentar escrituras inscritas no Rexistro Mercantil para o caso de entidades mercantís con administrador único, solidario e mancomunado e se fai uso desta opción.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas ao réxime de *minimis* nos anos fiscais 2007, 2008 e 2009.

2.2. Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

2.2.a) Para empresarios individuais:

1. Documento Nacional de Identidade (DNI), NIF, NIE, ou documento que acredite a personalidade do solicitante.

2.2.b) Para entidades sen personalidade xurídica (agrupación de persoas físicas):

1. Documento privado ou público de constitución actualizado, no que figure a identificación de todos os seus integrantes, a súa cota de participación e o obxecto da entidade, asinado por todos os seus membros.

2. NIF da entidade solicitante. Se o NIF que se vai presentar dispón de código electrónico de verificación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), poderá presentar documento sen compulsar.

3. Documento de apoderamento ou representación a unha única persoa, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á entidade solicitante e para actuar ante a Administración pública no seu nome e representación (este documento deberá estar asinado por todos os integrantes da entidade).

4. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade de cada un dos integrantes da entidade solicitante.

2.2.c) Para entidades con personalidade xurídica:

1. NIF da entidade solicitante. Se o NIF a presentar dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderá presentar documento sen compulsar.

2. Documento acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación dunha persoa xurídica. Esta acreditación realizarase achegando calquera dos seguintes documentos:

i. Certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos necesarios para ter personalidade xurídica (Rexistro de Cooperativas, etc.) no que se identifiquen os representantes ou apoderados da entidade solicitante, así como o alcance da dita representación e vixencia.

ii. Documento público de outorgamento do poder ou, de ser o caso, o do nomeamento do representante, que deberá presentarse íntegro, debendo figurar expresamente a súa inscrición no rexistro que legalmente lle puidese corresponder.

3. Documento Nacional de Identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade do representante legal. No caso de representación mancomunada deberán presentarse os correspondentes DNI, NIE, NIF ou documentos que acrediten as personalidades de todos os representantes.

Independentemente da forma xurídica da entidade solicitante, poderase exercer o dereito a non presentar parcialmente ou na súa totalidade a documentación xurídico-administrativa antes sinalada empregando os seguintes medios:

-De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa cando o solicitante declare que esta xa se atopa en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios normalizados de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada, e non pasasen máis de 5 anos desde a dita presentación.

-De acordo co disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar os DNI, NIE ou NIF, cando o solicitante declare no anexo IV dos formularios que coñece o previsto neste artigo, no referente a que a presentación da solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos identificativos incorporados nos devanditos documentos.

-Para o caso de entidades con personalidade xurídica, non será necesario presentar os DNI, NIE ou NIF dos representantes legais cando se presente como documento acreditativo de poder suficiente o documento público establecido no punto «2.2. c) 2 ii» deste artigo.

-De acordo co disposto no artigo 6.2º b) e no artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no caso de representantes de sociedades mercantís que teñan plenos poderes de administración tales como a administración única, administración solidaria ou mancomunada, ou mesmo o cargo de conselleiro delegado, non será necesario presentar o documento acreditativo do poder de representación, sempre que o solicitante faga uso desta opción e así o indique na declaración expresa do anexo IV dos formularios.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou a información conforme os puntos anteriores ou se se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2.3. Documentación económica identificativa das contás dos investimentos.

Segundo o artigo 29 da Lei 9/2007, no caso de que o importe do investimento subvencionable correspondente a un mesmo provedor (sen IVE) supere a contía de 12.000 euros, o solicitante deberá obter e achegar xunto coa solicitude copia de, como mínimo,

3 ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción de compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben.

Toda oferta e orzamento debe estar vixente no momento de presentación da solicitude e conterá os datos e requisitos que se citan a continuación, sen prexuízo dos que poidan resultar obrigatorios a outros efectos e da posibilidade de engadir calquera outra mención:

-Nome e apelidos, razón ou denominación social completa tanto do provedor como do solicitante.

-Número de identificación fiscal do provedor e do solicitante.

-Data de emisión.

-Descrición técnica do equipamento industrial que se pretende adquirir, co suficiente grao de detalle para a súa adecuada identificación e definición.

-Número de unidades, importe de adquisición de cada un dos tipos de equipamento industrial (importe unitario) e o importe total de adquisición (importes sen IVE).

-De ser o caso, importe da man de obra necesaria para operacións de instalación, montaxe e posta en marcha do equipamento.

Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

2.3.a) Orixinal ou copia (simple) ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos. Non terán a consideración de orzamentos, as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

2.3.b) De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 € no investimento subvencionable a un mesmo provedor, orixinal ou copia (simple) ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados polo solicitante para a realización do proxecto (dous como mínimo).

2.3.c) De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 € no investimento subvencionable a un mesmo provedor, memoria económica xustificativa (orixinal) da elección dos provedores asinada polo/s representante/s legal/is da entidade solicitante, se concorre calquera destas circunstancias:

-Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo o solicitante.

-Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número

de entidades que o subministren ou presten, e non se puidese acreditar o previsto no punto 2.3.b) anterior. Este feito terá que ser declarado expresamente polo solicitante e ademais, cando só exista un só provedor no mercado, terá que adxuntar a esta memoria un certificado expedido polo provedor (orixinal ou copia compulsada) no que se recolla que é o único provedor existente. O órgano xestor poderá non aceptar tal circunstancia se considera que non está debidamente motivada ou non queda debidamente acreditada a súa xustificación.

-Cando o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención, feito que se acreditará nesta memoria xustificativa mediante factura co seu correspondente pagamento (orixinal ou copia compulsada), de acordo co recollido no artigo 18.d) destas bases.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

2.3.d) De ser o caso, de producirse gastos financeiros derivados de posibles pagamentos aprazados, documento (orixinal ou copia compulsada) acreditativo da cuantificación dos gastos de formalización.

Non obstante o anterior, poderase solicitar cambio de provedores ata o 4 de decembro de 2009 (este inclusive). En todo caso xunto coa solicitude motivada deste cambio, achegarase a documentación económica identificativa das contías dos investimentos e un novo exemplar actualizado e asinado do anexo IV (folla 1) de declaracións expresas.

Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos que non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

2.4. Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas coas administracións públicas, e certificado das epígrafes do IAE.

Como caso xeral, estes certificados non teñen que ser achegados, xa que a solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións, facéndoo constar nos propios formularios de solicitude, deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

a) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a empresa solicitante.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante sexa unha entidade sen personalidade xurídica, o cumprimento de estar ao día nas obrigas coas administracións públicas tamén deberá ser acreditada por todos os seus integrantes.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

2.5. De ser o caso, para a avaliación do criterio d) establecido no artigo 10 das bases, deberá achegar orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación que deberá estar en vigor:

2.5.a) Certificados acreditativos da existencia na empresa de sistemas de xestión correspondentes aos referenciais recollidos na táboa seguinte, así como a existencia de memorias de responsabilidade social empresarial (RSE). É necesario que os certificados sexan emitidos por unha certificadora debidamente acreditada:

Especificación	Descrición
UNE-EN ISO 9001	Sistemas de xestión da calidade. Requisitos
UNE-EN ISO 14001	Sistemas de xestión ambiental. Especificacións e directrices para a súa utilización
EMAS	Regulamento (CE) nº 76/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001. Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)
OSHAS 18001	Xestión de riscos laborais
UNE 166001	Xestión da I+D+I: requisitos dun proxecto de I+D+I
UNE 166002	Xestión da I+D+I: requisitos do sistema de xestión da I+D+I
SA 8000	Responsabilidade social
SGE 21	Sistema de xestión ética e responsable
UNE 150301	Xestión ambiental do proceso de deseño e desenvolvemento - Ecodeseño
UNE-ISO/TS 16949.	Requisitos particulares para a aplicación da norma ISO 9001:2000 para a produción en serie de pezas de recambio na industria do automóbil
UNE-EN 9100	Material aeroespacial. Sistemas de xestión da calidade. Requisitos (baseados na ISO 9001:2000) e sistemas da calidade. Modelo para a segurancia da calidade no deseño, desenvolvemento, produción, instalación e servizo (baseados na ISO 9001:1994)
UNE 162002-1/2	Xestión forestal sustentable. Criterios e indicadores da unidade de xestión.
Certificación cadea de custodia	Certificación para comprobar que unha materia prima madeireira certificada polo PEFC procede de bosques certificados polo PEFC

Especificación	Descrición
ISO/IEC 27001	Sistemas de xestión da segurancia da información
UNE-EN-ISO 22000	Sistemas de xestión da segurancia alimentaria. Requisitos
IFS (International Food Estándar)	Estándar para auditar provedores de produtos alimenticios con marca de distribuidor
BRC (British Retail Consortium) Global Standard-Food	Estándar técnico para compañías de produtos alimenticios coa marca do retailista
UNE 175001	Calidade de servizo para pequeno comercio
UNE-EN 13816	Transporte, loxística e servizos. Transporte público de pasaxeiros. Definición da calidade do servizo, obxectivos e medicións
CMMI ou ISO-15504 (SPICE)	Metodoloxías de desenvolvemento de software.

Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. Para os efectos do previsto no parágrafo 3 do punto 3º do artigo 20 da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia respecto á acreditación da alta no IAE, a obtención dos datos identificativos incorporados nos NIF, o cumprimento de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo presentar entón as certificacións ás que fai referencia este punto.

2. Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa está no poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas salvidades previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A secretaría xeral será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da sub-

vencción, correspondendo ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión que corresponda.

Artigo 8º.-Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se fose necesario achegar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, ou nos supostos de que se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6.1º destas bases ou se tras a consulta (nos casos establecidos no artigo 5.2º. 2 destas bases reguladoras) realizada ao Rexistro Mercantil da acreditación do poder, se obtivese un resultado negativo da información consultada, non fose válida, con erros ou esta non existira nos termos identificados inicialmente polo solicitante. Nestes casos o solicitante deberá responder ao requirimento achegando a dita documentación orixinal ou copia cotexada.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda ou subsanación poderanse facer mediante publicación no DOG, producindo os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria ao que se remitirá desde o texto publicado no DOG, podéndose facer indicación que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que

formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: o secretario xeral da Consellería de Economía e Industria.

b) Vogais: tres funcionarios/as pertencentes aos grupos A1 ou A2 de corpos xerais e/ou especiais da Xunta de Galicia que se atopen adscritos á Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, en virtude da disposición transitoria terceira do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

c) Secretario/a: un/unha funcionario/a adscrito/a á Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, en virtude da disposición transitoria terceira do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

3. Os/as suplentes serán nomeados/as polo secretario xeral.

4. A comisión de valoración poderá estar asistida por expertos externos, e serán nomeados polo secretario xeral.

5. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose, se é o caso, a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

6. O resto das solicitudes quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

7. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida, a comisión de valoración poderá considerar como non viable técnica, económica ou financeiramente un proxecto presentado, ben parcialmente ou ben na súa totalidade. Nese caso, eses investimentos non serían subvencionables.

8. A comisión de valoración, con carácter xeral para todos os proxectos presentados, poderá establecer límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que xustificadamente se estime necesario, segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos.

Artigo 10º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención e a intensidade desta, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes (valoración realizada sobre un total de 100 puntos):

a) Esfuerzo investidor segundo o tamaño da empresa (de 0 a 40 puntos).

Para a clasificación das empresas, segundo o seu tamaño, actuarase de acordo coa Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOUE do 20 de maio de 2003) sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, de acordo cos seguintes criterios:

-Microempresas. As que, cumprindo cos criterios de independencia segundo a devandita Recomendación Europea, ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros. A estas empresas correspóndenlles 40 puntos.

-Pequenas empresas. As que, cumprindo cos criterios de independencia segundo a devandita Recomendación Europea, ocupan a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou o seu balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. A estas empresas correspóndenlles 30 puntos.

-Medianas empresas. As que, cumprindo cos criterios de independencia segundo a devandita Recomendación Europea, ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros. A estas empresas correspóndenlles 20 puntos.

-Empresas que superen o límite de PEME. As empresas que, segundo o establecido na devandita Recomendación Europea, superen os límites de PEME ou incumpran os criterios de independencia nel establecidos. A estas empresas correspóndenlles 10 puntos.

O cómputo dos efectivos de persoal e os límites en caso de empresas asociadas ou vinculadas con terceiras, deberá efectuarse como dispón o artigo 6, puntos 2 e 3, do anexo da citada Recomendación da Comisión. Así mesmo, o período de referencia e o método de cálculo destes efectivos de persoal e importes financeiros haberá que atermos ao disposto na devandita recomendación. As empresas de nova creación que non teñan pechado aínda as súas con-

tas, empregarán datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

b) Grao de adecuación da actuación ás necesidades da empresa segundo a súa actividade principal (de 0 a 25 puntos).

Nivel de definición, claridade e precisión na descrición da actividade principal, obxectivos perseguidos, xustificación da necesidade da realización da actuación, beneficios/melloras derivadas desta e documentación económica identificativa das contás dos investimentos.

c) Impacto territorial e demográfico (de 5 a 15 puntos).

Para valorar este criterio, terase en conta a situación do concello no que terá lugar o investimento, do seguinte xeito:

1. Situación nos concellos de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense: 5 puntos.

2. Situación en concellos de máis de 20.000 habitantes, excluídos os concellos do punto anterior: 10 puntos.

3. Ao resto de concellos correspóndenlles 15 puntos.

Para efectos do presente criterio, tomarase o último padrón municipal publicado polo INE no momento da solicitude.

d) Certificados que acrediten a existencia na empresa dos sistemas de xestión referenciados no punto 2.5º b) do artigo 5º destas bases así como a existencia de memorias de RSE (de 0 a 10 puntos).

e) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria (10 puntos).

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que obtivesen maior avaliación en aplicación dos anteriores criterios dentro dos límites fixados no artigo 3 destas bases e ata onde chegue o crédito dispoñible. No caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, a orde de desempate será o establecido pola orde decrecente de importancia dos criterios de avaliación.

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso, o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 13º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou a súa revogación, no caso de considerarse que a modificación implique unha variación substancial do proxecto inicial.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do/a beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía e Industria acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 19 de novembro de 2009. No devandito escrito deixarase constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación. De non facelo implicará a perda da subvención afectada pola modificación e no caso que a mesma implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. A conformidade expresa da Consellería de Economía e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da secretaría xeral, e só será outorgada cando non se altere significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 11 destas bases reguladoras.

6. Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50%

do investimento subvencionable inicialmente aprobado.

Artigo 15º.-Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992.

Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

a) Realizar a actuación que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte co artigo 20.3 da Lei 9/2007, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións requirírase ao solicitante ou beneficiario que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de fiscalización e control que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen

a concesión da subvención. Por estar esta convocatoria suxeita ao réxime *de minimis* tamén deberá comunicar calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime no presente ano fiscal e nos dous anteriores. Estas comunicacións deberán efectuarse tan pronto como se coñezan e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao/a beneficiario/a en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Manter os investimentos subvencionados, conservar toda a documentación relacionada coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de cinco anos desde a súa concesión. Esta condición non impedirá a substitución dos activos que queden obsoletos, dentro dese prazo de cinco anos, debido ás transferencias tecnolóxicas, sempre e cando a actividade económica do beneficiario se manteña en Galicia.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

i) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Os beneficiarios deberán dar adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta orde de axudas con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda Proxecto cofinanciado, acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Consellería de Economía e Industria, Secretaría Xeral.

Para dar cumprimento á publicidade do cofinanciamento, seguiranse as instrucións que se recollen no enderezo da Internet <http://economiaeindustria.xunta.es> no seu enlace axudas Consellería de Economía e Industria e dentro deste no sitio dedicado ao procedemento IN530B.

Artigo 17º.-Subcontratación.

A subcontratación realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos nos

que recaian algunha das condicións establecidas no artigo 27 da citada lei, e no artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

Artigo 18º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar un exemplar con toda a documentación xustificativa (orixinal ou copia compulsada) nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 4 de decembro de 2009 (este inclusive).

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible na web da consellería, no enderezo indicado no artigo 16 j) destas bases).

b) Memoria xustificativa, asinada polo representante legal da entidade beneficiaria, na que se describa a realización dos investimentos e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución. Deberá quedar descrito e identificado o equipamento industrial adquirido.

c) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores elixidos (conforme o punto 2.3 do artigo 5º destas bases) en relación cos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente, (importe sen IVE e importe total), emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación do proxecto. Xuntarase relación nominativa (modelo dispoñible na web da consellería, no enderezo indicado no artigo 16 j) das presentes bases) de facturas agrupadas e ordenadas por gastos subvencionables, que fai constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificándose, se é o caso, o tipo de cambio aplicado).

d) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor, concepto e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da Internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

e) Fotografías das máquinas adquiridas onde deberá figurar o cofinanciamento.

f) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento para o que se concedeu esta subvención en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado. No caso de ser beneficiario dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada. Por estar esta convocatoria suxeita ao réxime de minimis tamén deberá comunicar calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime no presente ano fiscal e nos dous anteriores. (Modelo dispoñible na web da Consellería, no enderezo indicado no artigo 16 j) das presentes bases).

g) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento na que conste a razón social e o NIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

h) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento segundo o sinalado nestas bases reguladoras no referente ás obrigas dos beneficiarios.

i) Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, deberá achegar estas certificacións.

j) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992.

Artigo 19º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado e xustificativo teña un importe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 20º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vaia minorar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

3. Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II «Do reintegro de subvencións» da Lei 9/2007.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

5. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido, así como o xuro de demora correspondente, nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 21º.-Control.

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22º.-Publicidade.

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, podendo substituírse esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 23º.-Protección de datos.

A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006 de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e que acheguen identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos Xunta de Galicia-San Caetano, s/n- 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 24º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei. Así mesmo haberá que averse ao disposto na normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión (DOUE do 28-12-2006), do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

*ANEXO II***Relación dos grupos ou epígrafes do IAE subvencionables**

Dentro da sección 1ª (actividades empresariais) da clasificación do imposto de actividades económicas, serán subvencionables as actividades incluídas nalgun dos seguintes grupos ou epígrafes, e sen prexuízo no disposto no artigo 4.2 das bases reguladoras:

162 Fabricación de xeo para a venda.

2211-2559 Aqueles grupos ou epígrafes do IAE que se inclúan no intervalo (extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados, industria química) agás a epígrafe 2392 (extracción de turba).

Aqueles grupos ou epígrafes do IAE que empecen por 3 (industrias transformadoras dos metais, mecánica de precisión).

Aqueles grupos ou epígrafes do IAE que empecen por 4 (outras industrias manufactureiras) agás o 416 (fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños), 4161 (conservas de peixe e outros produtos mariños), 4162 (produtos residuais da preparación e conservación de peixe e outros produtos) e o 4222 (fariñas de peixe e subprodutos animais, produtos derivados da reciclaxe e transformación de residuos alimenticios e outros preparados para a elaboración de pensos).

5013 Albanelaría e pequenos traballos de construción en xeral.

5041 Instalacións eléctricas en xeral. Instalación de redes telegráficas, telefónicas, telefonía sen fíos e televisión. Instalacións de sistemas de balización de portos e aeroportos.

5042 Instalacións de fontanaría.

5043 Instalacións de frío e calor e acondicionamento de aire.

5044 Instalacións pararraios e similares.

5045 Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios, para todo uso, menos o industrial.

5046 Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo.

5047 Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase.

5048 Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe.

5051 Revestimentos exteriores e interiores de todas clases e en todo tipo de obras.

5052 Sollados e pavimentos de todas clases e en calquera tipo de obras.

5053 Preparación e colocación de sollados e pavimentos de madeira de calquera clase.

5054 Colocación de illamentos fónicos, térmicos e acústicos de calquera clase e para calquera tipo de obras; impermeabilización en todo tipo de edificios e construcións por calquera procedemento.

5055 Carpintaría e cerrallaría.

5056 Pintura de calquera tipo e clase e revestimentos con papel, tecidos ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais.

5057 Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais.

507 Construción, reparación e conservación de toda clase de obras.

6441 Comercio polo miúdo de pan, pastalaría, confeitaría e similares e de leite e produtos (nesta epígrafe só serán subvencionables as actividades de fabricación de pan de todas as clases e produtos de pastalaría, bolaría, confeitaría e xeados).

6442 Despachos de pan, pans especiais e bolaría (nesta epígrafe só serán subvencionables as actividades de fabricación de pan de todas as clases e produtos de bolaría)

6443 Comercio polo miúdo de produtos de pastalaría, bolaría e confeitaría (nesta epígrafe só serán subvencionables as actividades de fabricación de produtos de pastalaría, bolaría e confeitaría)

6911 Reparación de artigos eléctricos para o fogar.

6912 Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.

6919 Reparación de outros bens de consumo N.C.O.P.

692 Reparación de maquinaria industrial.

9611 Producción de películas cinematográficas.

9612 Dobraxe, sincronización e montaxe de películas ou cintas cinematográficas (mesmo vídeos) sempre que non sexa efectuado pola propia empresa produtora.

9613 Decoracións escénicas para películas ou cintas cinematográficas sempre que non sexa efectuado pola empresa produtora.

9711 Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupas feitas e de pezas de roupa e artigos do fogar usados.

9712 Limpeza e tinguidura de calzado.

9721 Servizos de perrucaría de señora e señor.

9722 Salóns e institucións de beleza e gabinetes de estética.

ANEXO III (folia 1 de 5)
(modulo normalizado de solicitudes)



ANEXO III (folia 2 de 5)
(modulo normalizado de solicitudes)
MEMORIA DA ACTIVIDADE PRINCIPAL E DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR

Formulario for personal data: NOME, ENDERZO, TELÉFONO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO, ACTIVIDADE PRINCIPAL, etc.

Main descriptive form: DESCRIBIR CALA E ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA, CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DA EXISTENCIA NA EMPRESA DE SISTEMAS DE XESTIÓN CORRESPONDENTES AOS REFERENCIAIS RECOLLIDOS NA TABOA DO ARTIGO 52.5.0 DAS BASES REGULADORAS, etc.

PROCEDIMENTO: SUBVENCIÓNS A EMPRESAS GALEGAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INDUSTRIAL...

PERSONAL: NOME, ENDERZO, TELÉFONO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO, ACTIVIDADE PRINCIPAL, etc.

ACTIVIDADE PRINCIPAL: DESCRIBIR CALA E ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA...

INVERSIÓN: SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA (EUROS), DESCRIBIR CALA E ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA...

Table with 4 columns: DESCRIBIR CALA E ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA, CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DA EXISTENCIA NA EMPRESA DE SISTEMAS DE XESTIÓN CORRESPONDENTES AOS REFERENCIAIS RECOLLIDOS NA TABOA DO ARTIGO 52.5.0 DAS BASES REGULADORAS, etc.

DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE: Declaro que os datos que se indican son veraces e correctos...



ANEXO III (páina 4 de 5)
(modelo normalizado de solicitude)

DESCRIPCIÓN TÉCNICA DO EQUIPAMENTO QUE SE PRETENDE ADQUIRIR

TIPO DE EQUIPAMENTO INDUSTRIAL ¹	NÚMERO DE UNIDADES	MARCA	MODELO	FUNCIÓN PRINCIPAL DO EQUIPAMENTO

1) Indicar qué tipo de equipamento industrial é, por exemplo: torno, fresadora, máquina de corte por láser, etc.



ANEXO III (páina 3 de 5)
(modelo normalizado de solicitude)

OBJECTIVOS PERSEGUIDOS POLA EMPRESA CON ESTA ACTUACIÓN, NECESIDADE DA REALIZACIÓN DA MESMA E BENEFICIOS/MELLORAS DERIVADAS DA ACTUACIÓN

<p>VALIDO SO PARA EFECTOS INFORMATIVOS</p>
--



ANEXO IV (folia 1 de 2)
(modelo de declaración da entidade)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

D/D* con DNI/NIE :

D/D* con DNI/NIE:

en nome e representación da entidade con NIF:

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) QUE todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentación SON CERTOS E QUE A DITA EMPRESA ALGOCEO, cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de pequenas, medianas e pequenas empresas PERTENCE Á CATEGORÍA DE (Síntese con "x"):

MICROEMPRESA PEQUENA EMPRESA MEDIANA EMPRESA EMPRESA NON PEME

2) QUE CONECE E ADMITE AS CONDICIÓN DA CONVOCATORIA (todos os artigos) e cumpre cos requisitos establecidos na mesma e non está suxeita a ningunha das excepcións segundo artigo 4 das bases reguladoras.

3) QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no apartado 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4) QUE OS PROVEDORES NON ESTÁN VINCULADOS con entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, nin no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da anexada lei.

5) QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTA ESTÁ DADA DE ALTA, no imposto de actividades económicas no grupo ou epígrafe do IAE seguinte, que se corresponde con algún dos grupos ou epígrafes do IAE relacionados no ANEXO II do bando onde ademais a actividade principal a seguinte:

ACTIVIDADE PRINCIPAL

6) Que no referente aos certificados que deben emitir a Xunta de Galicia, a Tesorería Xeral da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda, respecto á acreditación do alta no IAE, datos identificativos dos NIF o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia:

Conece o previsto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no referente a que a presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar os devandidos certificados. (Ademais, no caso de que a entidade solicitante careza de personalidade xurídica, esta autorización extenderase a todos os seus integrantes)

Que, non obstante o anterior, NON AUTORIZA o órgano xestor para solicitar e presentará as certificacións a que se fai referencia neste apartado baixo propia responsabilidade.

7) Que, de acordo co disposto nos artigos 6.2.b, e 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, coñece a facilidade que lle dá o órgano xestor a que se presenten escrituras inscritas no Rexistro Mercantil, no caso exclusivamente de Sociedades Mercantis con Administrador Único, Solidario ou Mandatado ou mesmo o cargo de conselleiro delegado, polo que:

SI, fai esta opción, declarando que a/s representación/s da entidade solicitante/s foi adquirida mediante escritura pública de nomeamento (ou renovación) de veracidade e vivencia do amedido. Inscrita con nº no Rexistro Mercantil de , e se responsabiliza da

NON fai uso desta opción ou non lle é aplicable, e presentará escrituras públicas, de ser o caso.

En o de de (sinatura e selo da empresa)

ANEXO III (folia 5 de 5)
(modelo normalizado de solicitude)

RELACIÓN DE OFERTAS/ORZAMENTOS SOLICITADAS E ELIXIDAS

Identifícanse os provedores non elixidos cando o importe do investimento subvencionable a un só provedor supere os 12.000 euros (xa sexa nun só equipamento ou en varios) e indícanse se presenta memoria económica justificativa da elección dos provedores e certificado do provedor elixido segundo o disposto no artigo 5.2.3 das bases. No caso que, o investimento subvencionable a un só provedor supere os 12.000 euros pero o gasto se realízaese con anterioridade á solicitude de subvención, a memoria justificativa deberá acreditarse mediante as facturas co seu correspondente pagamento segundo o artigo 5.2.3.c) das bases.

Table with columns: TIPO DE EQUIPAMENTO, NÚMERO DE UNIDADES, XUSTIFICATIVA DA ELECCIÓN DOS MESMOS E CERTIFICADO DO PROVEDOR (including Memoria justificativa and Factura), and IMPORTE(S) EN UNIDADES E (importe de unidades por importe unitario) with sub-columns for 1st, 2nd, and 3rd provider. Total investment of 2,409 € is shown at the bottom.



VALIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



ANEXO IV (folia 2 de 2)

(modelo de declaración da entidade)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE. AXUDAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA ESTE PROXECTO

D/D* _____ con DNI/NIE: _____

D/D* _____ con DNI/NIE: _____

En representación da entidade _____ con NIF: _____

DECLARA EXPRESAMENTE:

Que en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas, declara o seguinte :

1) Axudas solicitadas e/ou concedidas non suxeitas ao réxime de minimis.

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.

Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que se relacionan seguidamente:

Tipo de axuda	Estado	Importe (€)	Disposición reguladora	Data de publicación no DOG da disposición reguladora	Data da solicitude ou de resolución de concesión	Entidade concedente

2) Axudas solicitadas e/ou concedidas suxeitas ao réxime de minimis nos anos 2007-2008-2009

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda suxeita ao réxime de minimis.

Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas suxeitas ao réxime de minimis, que se relacionan seguidamente:

Tipo de axuda	Estado	Importe (€)	Disposición reguladora	Data de publicación no DOG da disposición reguladora	Data da solicitude ou de resolución de concesión	Entidade concedente

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas de minimis, ou outras axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En _____ de _____ de _____ (sinatura e selo da empresa)



ANEXO V

(Modelo de renuncia)

D/D* _____, co DNI n.º _____

D/D* _____, co DNI n.º _____

actuando en representación da entidade _____, que ten o seu enderezo en _____

MANIFESTA:

Que o día _____ (incluírase o texto publicado no Diario Oficial de Galicia no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 24 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial, con código de procedemento IN530B, para o proxecto _____, por unha contía de _____ euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... de de de

Asdo.:

(sinatura e selo da empresa)

